

CINCUENTA años del INSTITUTO de TAPIA



↓ Manuel García-Galano

Son cincuenta os anos que leva en funcionamento el Instituto de Tapia neste último período d'actividá, qu'arrincaba precisamente el 20 d'outubre de 1952 cua denominación estonces de "Instituto Laboral" da modalidá agrícola-ganadeira. Nun fai falta dicir lo que significóu pra Tapia y os conceyos d'alredor a posta a andar d'este centro d'enseñanza pois nun había daquela ningún outro antes d'Avilés. É verdá que mentres nun se trasformóu en instituto mixto de bachillerato, que foi nel curso 1967/68, solo podían estudar nél rapacíos y non nenas, pero con todo y eso foi úa gran sorte pra estas terras xa qu'hasta estonces nomáis as familias ben acomodadas podían dar estudios a os sous fijos

X

a el Marqués de Casariego, que na segundá mitá del siglo XIX creara este instituto atendendo ás súas espensas dende os gastos de construcción del magnífico edificio hasta a financiación del centro d'enseñanza, tuvo úa visión clara de cuáles

eran as necesidades da súa vila y terras d'alredor, nas qu'a chamada segunda enseñanza nun taba á mao dos económicamente menos dotados, qu'eran os máis. Despós as cousas nun saliron como se planiaron y nel ano 1901 el "Instituto Casariego" —qu'así se chamaba el centro— tuvo que pechar as súas portas por úa disgraciada disposición del gobierno da nación.

Pouco máis tarde, nel 1904, a Congregación de Padres Agustinos ocupóu el edificio y abríu el "Colegio de Santa Isabel", que funcionóu has-

ta 1927, acoyendo alumnos esternos, internos y mediopensionistas, y fendo tamén muito bon labor na comarca mentres funcionóu.

Tuvo despós el edificio outros usos: seminario, hospital condo a Guerra Civil, colonia de nenos..., hasta que, por fin —non sin qu'houbese que fer antias trabayosas xestióis—, se convertía en Instituto Laboral, que pasaría lougo por transformacióis varias na súa denominación, pero que funcionaría xa sin interrupción impartindo os estudios de bachillerato dende aquel 20 d'outubre de 1952, y pra seguir.

Pensamos qu'é xusto un recordo d'esos cincuenta anos por cónto el Centro significóu y significa na vida d'esta comarca, y é el que nosoutros queremos fer, modestamente, dende as páxinas d'ENTRAMBASUGUAS, xa que, sin ningúa duda, el Instituto celebrará esta efeméride cua solemnidad que merece.

